

EMBALAXES

O corazón de Carlos Rial

Visitar unha exposición coa obra máis recente de Carlos Rial fainos experimentar unha impresión indeleble. As súas figuras adquiren unha estraña permanencia, están, pero no están.

Máis que representar seres particulares, o humano convértese en esencia dunha realidade si, pero mental. O recordo descomponse no simple sentir e lévanos a pensar inevitablemente. Ante todo, a súa obra evoca emocións, unha experiencia interna do mundo en que vivimos. Quedaron moi atrás os seus labores de cantería ó lado dos seus mestres: Manolo Paz, Leiro e Silveiro Rivas para decantarnos agora pola utilización de materiais máis perecedeiros, como a nosa cultura en xeral, tales como a cera e a madeira. Combustibles ambos como a vida mesma e de vida fálanos e da súa desembocadura irreversible: a morte.

Recorta figuras, siluetas esquematizadas de nenos, todas cara adiante querendo indicar que a mocidade vai camiño dun anquilosamento irreversible e anque exista un que non navegue por esa corrente, irremediabilmente a cachoeira de auga vai ter máis forza ca el e vai no levar a ese precipicio común.

Ó penetrar na Galería Sargadelos recibimos un toque de atención. As caixas son protagonistas indiscutibles que nos poden levar a buscar interpretacións poéticas; morremos porque necemos, algo plenamente xustificado. A secuencia completa é un continuum que leva á aniquilación pero que procede dunha plenitude vital. Carlos Rial toma parte da realidade circunstancial pero interiorízaa e subxetivízaa. A súa linguaxe é polivalente, o recordo fainos reflexionar sobre as cousas, diríxese ó corazón.

A súa obra ponse en consonancia cunha poética de introspección e de subversión moi críticas patente na serie dos peóns. As súas series repetitivas plasman un movemento en estado latente. Un refluxio común que evoca a realidade tamizada pola Memoria ancestral.

Fátima Otero